



Área / Unidad RR.HH PE0000 AMG	Documento 10817I07K0	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/13547/2023 17/07/2023
Código de verificación  2M2N 4M5W 5N5L 461C 0X16	Expediente 108/2023/1046	
	Fecha 11-07-2023	

Asunto: Cobertura, en comisión de servicios, do posto de Xefatura de Sección de Sistemas do Servizo de Informática (ref. posto 2090).

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O xefe de Servizo de Informática, remite ao Servizo de Recursos Humanos unha solicitude de convocatoria pública para a cobertura, mediante comisión de servicios, do posto de Xefatura de Sección de Sistemas do Servizo de Informática, nº de referencia 2090.

Dita cobertura temporal de posto solicítase debido á o carácter esencial do Servizo de Informática no funcionamento ordinario do Concello.

En concreto, xustifícase a urxencia da necesidade de cobertura na xestión da continuidade da infraestrutura dixital municipal e das comunicacións municipais así como na implementación de proxectos afectados pola subvención convocada pola Orde TER/1204/2021, a xustificar en 2023; en concreto, Servizo de Comunicacións do Concello da Coruña (A31/2021/93), modernización das comunicacións e implementación de medidas de seguridade. Implantación da Plataforma de Servizos Dixitais (PSD). Con este proceso de provisión trátase de garantir a orientación a resultados e o bo funcionamento do Servizo así como a realización das funcións asignadas ao posto no manual de funcións.

Segundo.- O Servizo de Recursos Humanos publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal, entre outros, do seguinte posto de traballo:

1. Xefatura de Sección de Sistemas do Servizo de Informática (referencia 2090).

No citado anuncio, indícase que o persoal funcionario de carreira, que conforme a RPT vixente e as normas de xestión, reúnan os requisitos necesarios para a ocupación de este posto de traballo e que queiran participar nesta convocatoria, deberán presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal ou na sede electrónica, acompañada dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde a publicación deste anuncio.

Terceiro. As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Informática	IF1100	Sistemas	Xefe de Sección (1)	2090	A1/A2	24	AE	FR11 ED

(1) Requisitos titulación: 5101; 5305; 4101; 4305

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- O artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a comisión de servizos voluntaria, onde establece que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante unha comisión de servizos voluntaria. O artigo 64.6 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece que aos funcionarios en comisión de servizos reservaráselles o posto de traballo, o que hai que relacionar que o apartado 8 do art. 4 do Decreto 92/1991 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que a comisión de servizos será desempeñada voluntariamente salvo nos casos de carácter forzoso.

Así mesmo, o artigo 30 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da CCAA de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, establece que o persoal funcionario de carreira con destino definitivo poderá ocupar, excepcionalmente e de maneira temporal, un posto de traballo en comisión de servizos de carácter voluntario sempre e cando pertenza ao corpo ou escala e reúna os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.

As comisións de servizos poderán acordarse, entre outros supostos, para desenvolver un posto de traballo cando estea vacante; entendendo que un posto está vacante cando non ten titular, cando o seu titular estea ocupando outro posto en comisión de servizos ou cando estea de permiso por parto, permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, ou permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla.

O posto da RPT nº 2090 de Xefatura de Sección de Sistemas do Servizo de Informática, actualmente atópase vacante.

Segunda.- O xefe de Servizo de Recursos Humanos, co conforme do Director da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior, en informe con código de verificación 281J506D122F1M5015FK, unha vez examinada a solicitude recibida e o CV do candidato presentado, así como o xefe de Servizo de Informática con en informe con CSV 644Y0Z115T2E3V400K7G emiten unha proposta de nomeamento de Don Ramón Álvarez Veiras, en comisión de servizos, no posto de Xefatura de Sección de Sistemas do Servizo de Informática, (nº ref. 2090).

Terceira.- Cómpre indicar, en relación á motivación da adxudicación dun posto en comisión de servizos á persoa considerada máis idónea, a sentenza nº 472/2022 do 1 de xuño de 2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, a cal establece que ao tratarse dun sistema excepcional e temporal non require un proceso de selección ordinario no que exista unha publicidade dun baremo e unha valoración provisional de méritos. A comisión de servizos é unha vía excepcional de provisión temporal dun posto de traballo cuxa cobertura resulta necesaria e urxente a través da designación do persoal funcionario de carreira que resulte idóneo e cumpra as esixencias para o seu eficiente desempeño. Por tanto, esa nota de urxencia e idoneidade, outórgalle un plus de discrecionalidade á Administración convocante, respectando sempre os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Considerando a urxente necesidade de cobertura do posto de Xefatura de Sección de Sistemas do Servizo de Informática, (nº ref. 2090) e co fin de que non se produza discontinuidade no funcionamento do Servizo de Informática, e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 101 da Lei de Bases de Réxime Local e o art. 96 e ss da Lei 2/2015, de 29 de abril, do



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

emprego público de Galicia e o art. 3 do Decreto da Xunta de Galicia 93/1991 de 20 de marzo e demais normas concordantes, así como que o funcionario proposto reúne os requisitos, procede destinar a Don Ramón Álvarez Veiras, en comisión de servizos, ao posto de traballo de Xefatura de Sección de Sistemas do Servizo de Informática co número 2090 na RPT.

Cuarta.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración ata o 30 de setembro de 2023. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, o citado funcionario volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Informática	IF1100	Sistemas	Xefe de Sección	2090	A1/A2	24	AE	FR11 ED

Quinta. O posto de orixe de Don Ramón Álvarez Veiras, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, descríbese na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Informática	IF1400	Apoio a Informática	Tecnico de Informática	2094	A1/A2	22	AE	FR09

Sexta.- Os custos que xenere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 926, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.

Sétima.- O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/07/2023, atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao concelleiro delegado de Economía e Planificación Urbana.

Á vista do informe emitido polo Servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro delegado de Economía e Planificación Urbana por delegación da Xunta de Goberno Local de 05/07/2023 (BOP núm. 131 do 11/07/2023), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

1. Destinar a Don Ramón Álvarez Veiras (NIF **8948***), en comisión de servizos, ao posto de Xefatura de Sección de Sistemas do Servizo de Informática (nº ref. 2090).

As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Informática	IF1100	Sistemas	Xefe de Sección	2090	A1/A2	24	AE	FR11 ED

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

2.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será ata o 30 de setembro de 2023. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionario volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

3.- Notificar a presente resolución ao interesado e ao xefe de Servizo de Informática.

A Coruña, na data da firma electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado de Economía e Planificación Urbana

José Manuel Lage Tuñas